

## **BANDO**

Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réxime local, en relación ás medidas preventivas para evitar a propagación do coronavirus COVID-19 no Concello de Redondela, por esta Alcaldía **SE INFORMA** á veciñanza do seguinte **EN RELACIÓN AOS VELORIOS E ENTERRAMENTOS** en todos os falecementos que se produzan en España durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas:

**PRIMEIRO.** Tras o anterior bando publicado en virtude de resolución de Alcaldía de 27 de marzo de 2020, foron endurecidas na data de hoxe as normas relativas aos velorios e enterramentos tras a publicación da Orde SND/298/2020, do 29 de marzo, pola que se establecen medidas excepcionais en relación cos velorios e cerimoniais fúnebres para limitar a propagación e o contaxio polo COVID-19, quedando como segue:

1. Prohíbense os velorios en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, así como nos domicilios particulares.
2. Pospoñerase a celebración de cultos relixiosos ou cerimoniais civís fúnebres ata a finalización do estado de alarma.
3. No acto do enterramento ou despedida para a cremación da persoa falecida, so poderán participar un máximo de tres familiares ou achegados, ademais, no seu caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

En todo caso, deberase respectar sempre a distancia dun a dous metros entre eles.

4. Durante o período de vixencia do estado de alarma, os prezos dos servizos funerarios non poderán ser superiores aos prezos vixentes con anterioridade ao 14 de marzo de 2020.

No caso de servizos xa abonados a prezos superiores aos establecidos con anterioridade ao 14 de marzo de 2020, a empresa funeraria deberá iniciar de oficio a devolución da diferenza. Igualmente, no caso de servizos contratados que non se podan prestar por motivo do estado de alarma, a empresa funeraria deberá proceder á súa devolución.

Da totalidade das medidas adoitadas poderán ter coñecemento a través da web municipal na dirección **[www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)**.

Teléfonos de atención do Concello de Redondela: **986400300** e **986402865**; Policía Local: **986402610**

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez



